

Bo día, diríxome a vostede para informarlle de que con data de 20 de maio de 2019 publicouse a Orde pola que se regula a participación no fondo de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado da ESO para o curso escolar 2019/2020.

O prazo de presentación é do **21 de maio ao 21 de xuño de 2019.**

Lémbrase que ao rematar o presente curso, 2018/2019, o alumnado beneficiario de libros de texto recibido do fondo solidario deberá **devolverlos** ao centro na súa **TOTALIDADE**, no caso de faltar algún **non poderá** ser beneficiario desta axuda o ano que vén.

Os prazos de **ENTREGA dos libros deste curso** son:

- Prazo máximo: **26 de xuño de 2019** (hai que devolver os libros das materias aprobadas)
- Prazo máximo: **6 de setembro de 2018** (devolución dos libros das materias que teñen que recuperar en setembro).

Achégase a solicitude para cumprimentar. Para máis información pode consultar a Orde na páxina web do centro, <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalasma>

NOTA: Non se recollerá ningunha solicitude sen adxuntar a seguinte documentación:

- .- Copia do libro de familia de todos os membros computables, ou certificado de convivencia.
- .- Sentenza xudicial de separación ou divorcio.
- .- Certificado de discapacidade do alumno ou algún familiar.

Reciba un cordial saúdo